

# TONI MORRISON

Chloe Ardelia Wofford, verdadeiro nome de Toni Morrison, naceu en 1931 no seo dunha familia de clase traballadora que emigrou a Ohio, onde non existía segregación racial. Asistiu ás universidades de Howard e Cornell, onde se graduou en 1955 en Filoloxía Inglesa. Posteriormente doutórase cunha tese sobre William Faulkner e Virxinia Woolf.

Durante dez anos exerceu a docencia na universidade e a finais dos anos sesenta trasladouse a Nova Iork para traballar na editorial “*Random House*”.

Morrison foi unha novelista xenial. En 1970 publica a súa primeira novela, “*Ojos azules*”, unha auténtica revelación na que narra a historia dunha adolescente negra obsesionada polos estándares brancos de beleza e que quere ter os ollos azuis. A esta novela seguírona “*Sula*”, “*La canción de Salomón*”, “*La isla de los caballeros*”, ou “*Beloved*”, na que narra a historia dunha escrava fuxitiva que, ante a súa captura inminente, mata á súa filla para evitar que viva na escravitude e coa que gañou o Premio Pulitzer.

Morrison foi, durante toda a súa vida, unha grande activista dos dereitos humanos e nas súas novelas plasmou a experiencia de milleiros de persoas de raza negra nos EEUU. As súas obras están cheas de sufrimento e de dor, pero tamén da esperanza que tiña na xente da súa raza e nun mundo mellor que o que coñeceu.

No ano 1993 Toni Morrison convértese na primeira muller afroamericana en gañar un Nobel, concretamente o Premio Nobel de Literatura, pola súa arte narrativa impregnada de forza visionaria e poesía que ofrece unha pintura viva dun aspecto esencial da realidade norteamericana.

Falece no ano 2019, despois dunha vida adicada á defensa dos dereitos das persoas afroamericanas e das mulleres.

Estela Mouriño Vidal

4º ESO B